



*Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).*

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

- 1) Segundo o previsto no artigo 3.1.a) da Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia: "Para os efectos desta lei, o sector público autonómico, ademais de por a propia Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, está integrado polas seguintes entidades:**
- a) Entidades privadas e consorcios.
  - b) Persoas privadas dos diversos sectores económicos.
  - c) Entidades públicas instrumentais dependentes da Administración xeral ou doutras entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia.**
  - d) Fundacións de interese xeral e asociacións privadas sen ánimo de lucro.
- 2) Segundo o disposto no artigo 3.2, parágrafo primeiro da Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia: As entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico suxeitarán a súa actividade:**
- a) Ao dereito administrativo, sempre que exerzan potestades públicas de interese xeral para as persoas particulares, sen excepción.
  - b) Ao dereito privado.
  - c) Ao dereito mercantil.
  - d) Ao dereito administrativo sempre que exerzan potestades administrativas e en calquera outra circunstancia salvo que, neste último caso, de acordo con as leis xerais ou sectoriais aplicables ou coas súas específicas normas reguladoras, poidan ou deban someterse ao dereito privado.**



*Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).*

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

**3) Segundo o disposto no artigo 1.4 dos *Estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga)*: "A sociedade terá a consideración de:**

- a) Medio propio e instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das Administración local.
- b) Medio propio e instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico.**
- c) Medio particular de uso público da Administración xeral autonómica.
- d) Medio privado de uso autónomo da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos.

**4) Segundo o disposto no artigo 12 dos *Estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga)*: "O Goberno e administración da empresa pública compételles":**

- a) Á Consellería de Facenda e ao Consello de Administración.
- b) Á Xunta Xeral de Accionistas e ao Consello de Administración, de conformidade coas facultades que a unha e outro lles son asignadas nestes estatutos e na lei.**
- c) Aos seus socios e á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**5) Segundo o artigo 28 do *Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural* os distritos forestais, integrados na estrutura territorial da Consellería a través das respectivas xefaturas territoriais, dependerán:**



*Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).*

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

- a) **Organicamente da xefa ou xefe territorial e funcionalmente das Direccións Xerais de Defensa do Monte e de Planificación e Ordenación Forestal.**
  - b) Organicamente e funcionalmente das Direccións Xerais de Defensa do Monte e de Planificación e Ordenación Forestal.
  - c) Organicamente e funcionalmente da xefa ou xefe territorial.
  - d) Organicamente e funcionalmente da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).
- 6) Segundo o artigo 28 do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural os distritos forestais exercerán, no ámbito territorial do distrito forestal, as funcións en materia de:**
- a) Xestión de montes e de prevención, defensa e extinción de incendios forestais, en desenvolvemento das competencias da Consellería do Medio Rural nestas materias de forma exclusiva.
  - b) **Xestión de montes e de prevención, defensa e extinción de incendios forestais, en desenvolvemento das competencias da Consellería do Medio Rural nestas materias, sen prexuízo da posible colaboración cos centros directivos e entidades instrumentais da Consellería.**
  - c) Xestión de desenvolvemento rural.
  - d) Todas as anteriores son correctas.
- 7) De acordo co artigo 237 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cal é o prazo no que o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo?**



*Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).*

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

- a) **Dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificandos.**
  - b) Non existe prazo ningún para efectuar a comprobación do replanteo.
  - c) Nunca se comproba o replanteo.
  - d) No prazo aleatorio que determine o servizo da administración encargado da execución.
- 8) Respecto do procedemento aberto simplificado, segundo o establecido no artigo 159.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público:**
- a) **Os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento aberto simplificado nos contratos de obras, subministración e servizos cando se cumpran as dúas condicións previstas nese apartado 1 do artigo 159.**
  - b) Os órganos de contratación non poderán acordar a utilización dun procedemento aberto simplificado en ningún caso.
  - c) Está prohibida a contratación simplificada.
  - d) Os órganos de contratación non poderán acordar a utilización dun procedemento aberto simplificado nos contratos reducidos de obras nin de subministración.
- 9) Respecto da duración de contratos menores, segundo o artigo 29.8 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público: "Os contratos menores definidos no apartado primeiro do artigo 118:**
- a) Poderán ter unha duración superior a un ano, pero non ser obxecto de prórroga.



*Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).*

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

- b) Non poderán ter unha duración superior a un ano, pero poderán ser obxecto de prórroga.
- c) **Non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.**
- d) Poderán ter unha duración superior a un ano, e ser obxecto de prórroga.

**10) En aplicación do disposto no artigo 118.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de *contratos do sector público*: Nos contratos menores a tramitación do expediente requirirá:**

- a) A presentación de 3 facturas proforma.
- b) A proposta de gasto.
- c) A incorporación ao expediente da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.
- d) **A aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.**

**11) De conformidade co artigo 32.2.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de *contratos do sector público* (O artigo 32 titúlase "Encargos dos poderes adxudicadores a medios propios personificados"):**

- a) Os poderes adxudicadores poderán executar os contratos, valéndose de calquera persoa xurídica distinta a eles.
- b) Os poderes adxudicadores poderán executar os contratos, valéndose de medio alleo personificado respecto deles.
- c) Os poderes adxudicadores non poden facer encargos a ninguén.



**d) O encargo que cumpra os requisitos previstos no artigo 32 (que regula os "Encargos dos poderes adxudicadores a medios propios personificados") non terá a consideración de contrato.**

**12) De acordo co disposto no artigo 5 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, cal destes terreos ten a consideración de monte?:**

- a) Os enclaves forestais en terreos agrícolas coa superficie mínima determinada pola Comunidade Autónoma.**
- b) Os terreos dedicados ao cultivo agrícola.
- c) Os terreos urbanos.
- d) Os terreos que exclúa a comunidade autónoma na súa normativa forestal e urbanística.

**13) Tendo en conta o disposto no artigo 36 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, cal de estas afirmacións é falsa:**

- a) Os aproveitamentos dos recursos forestais realizaranse de acordo coas prescricións para a xestión de montes establecidas nos correspondentes plans de ordenación de recursos forestais, cando existan.
- b) Os aproveitamentos dos recursos forestais axustaranse tamén, de ser o seu caso, ao que concretamente se consigne no proxecto de ordenación de montes, plan dasocrático ou instrumento de xestión equivalente vixente.
- c) Os aproveitamentos dos recursos forestais poderán efectuarse sen ningún tipo de condicionante pola persoa titular do monte.**
- d) O órgano competente da comunidade autónoma regulará os aproveitamentos non madeirables.



**14) De acordo co disposto no artigo 36.7 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, os aproveitamentos nos montes afectados polas zonas de servidume, policía, ou afección dos dominios públicos hidráulico, marítimo-terrestre, de estradas ou ferroviario:**

- a) Precisarán sempre da autorización dos órganos competentes dos devanditos dominios.
- b) Precisarán da habilitación dos órganos competentes dos devanditos dominios.
- c) **Non precisarán da autorización dos órganos competentes dos devanditos dominios, a condición de que tales montes dispoñan de instrumentos de xestión cuxa aprobación polo órgano forestal da comunidade autónoma fose informada favorablemente os órganos de xestión dos dominios públicos mencionados.**
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**15) Tendo en conta o disposto no artigo 76 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, cal de estas afirmacións é falsa?**

- a) Queda prohibida sementeira ou plantación, mesmo de pés illados, en todo terreo forestal e nas zonas de influencia forestal definidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, con exemplares do xénero Acacia.
- b) En todo caso, as repoboacións forestais estarán suxeitas aos supostos previstos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- c) **Quedan prohibidas as repoboacións ou as sementeiras nos cultivos enerxéticos en terreo forestal e as repoboacións con frondosas.**



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

- d) Quedan prohibidas as novas plantacións co xénero *Eucalyptus* nos montes de utilidade pública e nos montes de xestión pública.

**16) Cal destas especies non se regula no Anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia:**

- a) Pino silvestre: *Pinus sylvestris* L.
- b) Tejo: *Taxus baccata* L.
- c) **Mimosa, acacia (*Acacia* spp.)**
- d) Alcornoque: *Quercus suber* L.

**17) Cal destas distancias non é correcta segundo o previsto ANEXO II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia? (Distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais):**

- a) Con pistas, asfaltadas ou non, de polo menos 5 metros de ancho e que contén con polo menos unha cuneta: 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I.
- b) **Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica: 30 metros para todas as especies.**
- c) Con canles fluviais de máis de 2 metros de ancho: 5 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I.
- d) Con edificacións, urbanizacións, vertedoiros, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte ou fóra de chan urbano e de núcleo rural e con vivendas illadas en chan rústico independentemente da súa distancia ao monte: 15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I e 50 metros no resto de especies.



**18) O artigo 122.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia regula a facultade de solicitar o seu recoñecemento como Agrupacións forestais de xestión conxunta:**

- a) Ás empresas madeireiras.
- b) Ás persoas propietarias ou titulares de dereitos de aproveitamento de terreos forestais que pretendan a súa xestión conxunta de acordo coas normas da presente lei.**
- c) Ás persoas que dispoñan dunha expectativa de dereitos de aproveitamento de terreos forestais que pretendan a súa xestión conxunta de acordo coas normas da presente lei.
- d) A Administración forestal en todo caso.

**19) O artigo 2.13 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia define como "zona de influencia forestal".**

- a) As áreas lindeiras que abarcan unha franxa circundante dos terreos forestais cun ancho de 1000 metros, excluindo o solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.
- b) As áreas lindeiras que abarcan unha franxa circundante dos terreos forestais cun ancho de 1000 metros, incluíndo o solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.
- c) As áreas lindeiras que abarcan unha franxa circundante dos terreos forestais cun ancho de 400 metros, incluíndo o solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.
- d) As áreas lindeiras que abarcan unha franxa circundante dos terreos forestais cun ancho de 400 metros, excluindo o solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.**



**20) De acordo co disposto no artigo 10 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para cada unha das épocas de perigo, o risco diario de ocorrencia de incendio forestal, cuxos niveis son baixo (1), moderado (2), alto (3), moi alto (4) e extremo (5) denomínase como:**

- a) Época de perigo alto de incendio.
- b) Zona de influencia forestal.
- c) Perímetro de alto risco de incendio forestal.
- d) Índice de risco diario de incendio forestal.

**21) Segundo o artigo 11 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para os efectos da presente lei, e en base aos criterios da información histórica e os datos estatísticos sobre a ocorrencia de incendios forestais, vulnerabilidade poboacional, ameazas aos ecosistemas forestais e protección do solo fronte á erosión, determinaranse as:**

- a) Zonas de alto risco de incendio existentes no territorio.
- b) O IRDI.
- c) Os distritos forestais.
- d) A prevención dos incendios forestais.

**22) De acordo co previsto no artigo 20.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, do 9 de abril, as faixas de xestión de biomasa divídense en:**

- a) Redes primarias, secundarias e terciarias.
- b) Parroquias de alta actividade incendiaria e polígonos agroforestais.



*Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).*

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

- c) Tesela e distrito forestal.
- d) Perímetro de alto risco de incendios e parroquia forestal.

**23) De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, nos montes veciñais en man común, o réxime de aproveitamento dos montes veciñais en man común é o seguinte:**

- a) Público.
- b) Privado en réxime de copropiedade.
- c) Aproveitamento en copropiedade pola Administración.
- d) Aproveitamento consuetudinario en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.**

**24) Consonte co previsto no artigo 25 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, a consellería competente en materia de montes:**

- a) Non ostenta competencias en materia de montes veciñais en man común.
- b) Delegará as súas competencias sobre os montes veciñais en man común na Asemblea xeral de veciños.
- c) Dará aos montes veciñais en man común, xunto con outras figuras de xestión conxunta da propiedade, carácter preferente nas súas actuacións de fomento e mellora do monte, na prevención e defensa contra os incendios forestais.**
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

**25) Que se entende como "Áreas de especial protección", segundo a definición do artigo 4.4 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia?**

- a) As zonas de actuación prioritaria en materia de incendios e caza.



*Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).*

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

- b) As zonas de alto risco de incendio forestal singular.
- c) As áreas sen aptitude específica.
- d) Aqueles terreos delimitados que posúen valores singulares de carácter histórico-cultural, arqueolóxico, paisaxístico ou ambiental e que están cualificados legalmente como tales.**

**26) Que se entende como "Áreas de reestruturación preferente", segundo a definición do artigo 4.5 da *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia*?**

- a) O conxunto de terreos situados dentro da zona de reestruturación que, polas súas características específicas, sexan establecidos no Plan de ordenación de fincas de especial vocación agraria para acoller, no seu caso, polígonos agrarios.**
- b) As zonas de preferente urbanización nas áreas de concentración parcelaria.
- c) Os montes veciñais en man común.
- d) Todas as anteriores respostas son falsas.

**27) Consonte co artigo 34.1 da *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia* a finalidade dos predios integrantes da masa común será:**

- a) A redistribución dos predios segundo un sistema progresivo.
- b) A redistribución dos predios segundo Proxecto operativo gandeiro.
- c) A compensación derivada da estimación das reclamacións de superficie, resolucións dos recursos, corrección de erros ou outras circunstancias que deprecien de forma significativa ou fagan inutilizable un predio atribuído e non solicitado pola persoa interesada.**



*Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).*

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

- d) A compensación derivada da segregación das fincas como consecuencia dun embargo preventivo.

**28) O Banco de Explotacións, regulado no artigo 15 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia estará xestionado:**

- a) Pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- b) Pola Consellería do Medio Rural.
- c) Pola Xunta de Galicia.
- d) Polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

**29) Consonte co artigo 113.2 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, dentro do contido mínimo dos proxectos de ordenación produtiva da aldea modelo se encontra:**

- a) A delimitación do perímetro.
- b) A relación das parcelas incluídas no perímetro, das parcelas excluídas e das súas causas de exclusión, e das parcelas cuxas persoas titulares non fose posible localizar.
- c) Un estudo técnico que terá a consideración de catálogo parcial
- d) **Todos as respostas anteriores son elementos do contido mínimo.**

**30) Consonte co artigo 118.1 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, o plan de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo é un instrumento de planificación que formulará :**

- a) Un programa mensual que abarcará, total ou parcialmente, os ámbitos clasificados como solo de núcleo rural dentro do perímetro das aldeas modelo.



*Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).*

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

- b) Un programa bianual que abarcará, total ou parcialmente, os ámbitos clasificados como solo rústico dentro do perímetro das aldeas modelo
- c) Un programa plurianual que abarcará, total ou parcialmente, os ámbitos clasificados como solo de núcleo rural dentro do perímetro das aldeas modelo.**
- d) Todas as respostas anteriores son falsas.

**31) Que data regula a Disposición transitoria novena da *Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia* para a limitar as Repoboacións co xénero *Eucalyptus* só nos casos contemplados nela?**

- a) Ata o 31 de decembro de 2023.
- b) Ata o 31 de decembro de 2024.
- c) Ata o 31 de decembro de 2025.**
- d) Ata o 31 de decembro de 2026.

**32) Segundo a clasificación co prevista no artigo 22.1 da *Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia*, cal dos seguintes non é unha categoría de espazos naturais protexidos regulados na dita lei?**

- a) Reserva natural.
- b) Humidal protexido.
- c) Zona de protección agrícola.**
- d) Espazo natural de interese local.



**33) Consonte co artigo 69.2 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, con carácter xeral, consideraranse usos e actividades permitidos:**

- a) Aqueles de carácter artesanal que sexan compatibles coa protección do espazo natural ao causar unha grande afección apreciable.
- b) Aqueles de carácter tradicional que sexan compatibles coa protección do espazo natural ao non causar afección apreciable.**
- c) Aqueles de carácter tradicional que sexan incompatibles coa protección do espazo natural ao non causar afección apreciable.
- d) Todas os que teñan un carácter tradicional.

**34) Consonte co artigo 69.3 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, os usos e actividades permitidos:**

- a) Requirirán de autorización específica da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural.
- b) Non requirirán de ningún título habilitante.
- c) Non requirirán de autorización específica da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, sen prexuízo de calquera outro título habilitante que resultase esixible.**
- d) Requirirán de autorización específica da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, e informe técnico habilitante.

**35) Segundo o artigo 114 da Lei 5/2019, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, créase o Catálogo dos hábitats en perigo de desaparición de Galicia como un rexistro público de carácter administrativo:**

- a) Dependente da consellaría competente en materia de medio rural.



**b) Dependente da consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural.**

c) Dependente da consellaría competente en materia infraestruturas.

d) Non existe o Catálogo dos hábitats en perigo de desaparición de Galicia.

**36) Segundo a cláusula 38 do Decreto 3854/1970, do 31 de decembro, polo que se aproba o Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Obras do Estado a dirección de obra:**

**a) Pode ordenar que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán de conta do contratista ata un importe máximo do un por cento do orzamento da obra.**

b) En ningún caso pode ordenar ensaios e análises de materiais e unidades de obra, excepto se na Acta de inicio dos traballos así queda reflectido.

c) Pode ordenar que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán de conta do contratista ata un importe máximo do dez por cento do orzamento da obra.

d) Pode ordenar que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán de conta do contratista ata un importe máximo de cincocentos euros.

**37) O diagrama de Gantt é un diagrama bidimensional no que:**

**a) Se representa o tempo no eixo horizontal e no vertical o nome da tarefa. As dependencias pódense describir mediante unha frecha desde o final da tarefa que xera a dependencia ata o comezo da tarefa dependente.**



*Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).*

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

- b) Se representan os eventos con nodos circulares e as estimacións de tempo con conectores de liñas.
- c) Se representa o tempo no eixo vertical e no horizontal o nome da tarefa. As dependencias pódense describir mediante unha frecha desde o final da tarefa que xera a dependencia ata o comezo da tarefa dependente.
- d) Se representan os eventos con nodos rectangulares e as estimacións de tempo con conectores de liñas.

**38) Segundo o artigo 20 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular sobre as obrigacións do produtor inicial ou outro posuidor relativas á xestión dos seus residuos:**

- a) Para asegurar o tratamento axeitado dos seus residuos só poderá entregar os residuos a unha entidade exclusivamente pública para o seu tratamento.
- b) A entrega dos seus residuos a un xestor de residuos non precisa dunha acreditación documental.
- c) **Poderá optar por realizar o tratamento dos residuos por si mesmo, sempre que dispoña da correspondente autorización para levar a cabo a operación de tratamento.**
- d) Nunca poderá dispoñer da correspondente autorización para levar a cabo a operación do tratamento dos residuos por si mesmo.

**39) Segundo o artigo 3 do Real Decreto 1071/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o sistema xeodésico de referencia oficial en España:**

- a) Adóptase o sistema REGCAN95 como sistema de referencia xeodésico oficial en España para a referenciación xeográfica e cartográfica no ámbito da Península Ibérica e as Illas Baleares.



**b) Adóptase o sistema ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989) como sistema de referencia xeodésico oficial en España para a referenciación xeográfica e cartográfica no ámbito da Península Ibérica e as Illas Baleares .**

c) Adóptase como elipsoide de referencia o de Struve, datum Madrid e orixe de lonxitude o meridiano de Madrid (Observatorio Astronómico Nacional).

d) Adóptase o sistema PT-TM06 como sistema de referencia xeodésico oficial en España para a referenciación xeográfica e cartográfica no ámbito da Península Ibérica e as Illas Baleares.

**40) Na proxección UTM (Universal Transversa Mercator) os husos de proxección:**

a) As unidades dos sistema de coordenadas son en km.

b) As deformacións das latitudes nos polos son totalmente tolerables neste sistema.

c) Os husos nos que queda comprendida Galicia son os 24 e 25.

**d) Teñen un sistema de coordenadas que sempre terán signo positivo.**

**41) As extensións específicas asociadas a un shapefile poden ser as seguintes:**

a) \*.shp, \*.shx, \*.pdf

b) \*.shp, \*.shx, \*.jpg

**c) \*.shp, \*.shx, \*.dbf**

d) \*.shp, \*.doc, \*.dbf



**42) Segundo o artigo 4 do Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia, son Cortas extraordinarias:**

- a) As que non estean previstas no instrumento de ordenación ou de xestión forestal e que corresponden ás baixas producidas por enfermidade.
- b) As que non estean previstas no instrumento de ordenación ou de xestión forestal e que corresponden ás baixas producidas por decrepitude, morte natural ou accidental dos pés e danos catastróficos.
- c) As que non estean previstas no instrumento de ordenación ou de xestión forestal e son cortas de obrigada execución.
- d) As tres respostas son correctas.**

**43) No Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG):**

- a) A captura de datos en campo rexistrarase en formato .kmz
- b) Tódalas parcelas propostas nas listaxes de campo previamente foron verificadas en gabinete o requisito de homoxeneidade, polo que ningunha poderá ser descartada.
- c) Localizado o centro da parcela de campo, detallarase a información xeral dela: Tipo, Homoxeneidade, Subtipo, Especie, Pendente, Pedregosidade, Fotografía e anotación de Observacións precisas.**
- d) A captura de datos en campo realizarase a través da aplicación móbil Google Maps.



**44) Segundo o anexo VI do Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia, para cada monte ou, potestativamente, para o conxunto dos montes obxecto do proxecto, relacionaranse os estratos de inventariación forestal que se atopan nas superficies forestais. Se o técnico competente redactor o considera conveniente, poderá establecer outras unidades inventariais como:**

- a) Cantóns.
- b) Cantóns ou mouteiras.**
- c) Cantóns ou parcelas.
- d) Cantóns, parcelas ou subparcelas.

**45) Segundo o artigo 16 do Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia, con carácter xeral, salvo causa técnica xustificada, a vixencia dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal será:**

- a) Entre 15 e 25 anos.
- b) Un máximo de 25 anos.
- c) A da quenda da especie principal.**
- d) Esta norma non establece nada ao respecto.

**46) Segundo o artigo 112 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, o material forestal empregado nas repoboacións forestais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, "Deberá ter como orixe a rexión de procedencia en que se inclúa a superficie que se vai repoboar...":**

- a) sen excepcións.



- b) ou, excepcionalmente, poderá facerse con material procedente doutras rexións de procedencia, logo de resolución da Administración forestal, publicada no Diario Oficial de Galicia, que autorice a súa utilización, unha vez comprobada a idoneidade e a capacidade de adaptación dese material forestal.
- c) ou, excepcionalmente, a autorizada pola dirección de obra.
- d) ou, excepcionalmente, a autorizada pola propiedade.

**47)A "enfermidade das bandas do piñeiro" é un dos nomes xenéricos con que se denomina a:**

- a) Un conxunto de parasitos que poden causar importantes danos na cortiza dos piñeiros do país (*Pinus pinaster*).
- b) Un conxunto de nematodos que poden causar importantes danos sobre masas de piñeiro insigne (*Pinus radiata*).
- c) **Un conxunto de especies de fungos foliares que poden causar importantes danos sobre o xénero *Pinus*.**
- d) Un conxunto de insectos que poden causar importantes danos nos estróbilos do piñeiro laricio (*Pinus nigra*).

**48)O control biolóxico de *Dryocosmus kuriphilus* que está a realizar a Xunta de Galicia é:**

- a) Mediante reprodución en laboratorio e posterior solta en campo do *Bacillus thuringiensis*.
- b) Eliminando as bugallas secas das árbores.
- c) **Por medio do seu inimigo natural e específico, o *Torymus sinensis*.**



*Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).*

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

- d) Mediante reprodución en laboratorio e posterior solta en campo do parasitoide *Anaphes sinensis*.

**49) A Rede de Seguimento de Danos nos montes galegos:**

- a) Lévese a cabo, cunha periodicidade trianual.
- b) A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal actualmente está a realizar as observacións das árbores que forman parte das 160 parcelas na zona da montaña de Lugo como plan piloto.
- c) **Avalíanse parámetros indicativos da perda de vitalidade da vexetación como a defoliación, posibles causas desta e o estado sanitario xeral do arborado.**
- d) A observación das árbores realízase exclusivamente no inverno por ser máis doado de visualizar o seu estado.

**50) O programa da Unión Europea de observación e monitorización da Terra, que analiza o planeta e o seu medio ambiente en beneficio dos cidadáns europeos recibe o nome de:**

- a) Inspire
- b) **Copernicus**
- c) IDEG
- d) IDEE

**51) O PNOA ten como obxectivo a obtención de ortofotografías aéreas dixitais de todo o territorio español:**

- a) **Cun período de actualización fixo, sendo actualmente de 3 anos.**



*Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).*

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

- b) Cun período de actualización fixo, anual.
- c) Cun período de actualización aleatorio.
- d) Cun período de actualización fixo, semestral.

**52) Ensaio de compactación en camiños rurais:**

- a) Existen dous ensaios Proctor: o ensaio Proctor Habitual que se rexe pola norma UNE103-500-94, e o ensaio Proctor Excepcional que se rexe pola norma NTL-0.1.
- b) A curva Proctor determina a densidade seca e a humidade óptima de compactación.**
- c) Determinan o exceso de material fino e un material granular, descrito na norma NTL-03.
- d) Determináanse mediante o índice plástico.

**53) O artigo 15 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais establece os principios da acción preventiva dun xeito ordenado, cal das seguintes pautas sería a primeira a adoptar?**

- a) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.**
- b) Substituír o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún perigo.
- c) Combater os riscos na súa orixe.
- d) Superar situacións que xeran un dano para a saúde.

**54) Non está considerado como accidente de traballo:**

- a) Cando o sufra o traballador ao ir e voltar do lugar ou centro de traballo (accidente *in itinere*).



*Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).*

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

- b) Os accidentes debidos a imprudencias temerarias dos traballadores.**
- c) Os acontecidos en accións de salvamento e outros de similar natureza que teñan conexión co traballo.
- d) Os que sufra un traballador con ocasión, ou como consecuencia, do desenvolvemento de cargos electos de carácter sindical.

**55) No programa integrado de xestión de coste e de tempo orientado para a execución de obra "Presto", a "Natureza do Concepto" pode ser:**

- a) Título, Certificación e Medicións.
- b) Capítulo e Importe Total.
- c) Máquinas, Materiais e Outros.**
- d) Importe de Execución Material.

**56) No programa integrado de xestión de coste e de tempo orientado para a execución de obra "Presto", a importación e a exportación dos traballos pode realizarse co seguinte formato:**

- a) DWG
- b) Excel**
- c) RTF
- d) FWG

**57) Os formatos de datos vectoriais que se poden importar ou traballar en QGIS son:**

- a) AutoCAD DWG
- b) AutoCAD DXF



*Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).*

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

- c) Valores separados por comas.
- d) Todas son certas.**

**58) A ferramenta que permite que os cidadáns xestionen as solicitudes de aproveitamento madeireiro en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia denomínase:**

- a) SIFOR
- b) CORPU
- c) RESFOR
- d) CORWEB**

**59) O Fondo Documental do Monte Galego é:**

- a) Un catálogo web de información dos montes galegos xestionado polas Bibliotecas provinciais.
- b) Un catálogo web de información histórica dos montes galegos xestionado pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.**
- c) Un catálogo web de información histórica patrocinado pola Fundación Juana de Vega.
- d) Un catálogo web de información dos montes galegos xestionado polo Grupo de Historia Agraria e Política do Mundo Rural "Histagra".

**60) Os *tracks* na aplicación GPS *offline* para Android "OruxMaps":**

- a) Non permite mostrar a dirección que levamos.
- b) Simultaneamente pode haber máis de unha ruta activa, ademais do roteiro principal.



*Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).*

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

**c) Pode mostrar información das alturas.**

d) Son botóns de dificultades visuais.



**Preguntas de reserva (débense responder)**

**61) Cal destas previsións sobre a prórroga dos contratos do sector pública é incorrecta (artigo 29.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público):**

- a) O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das súas modificacións.
- b) En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.
- c) A prórroga acordarase polo órgano de contratación.
- d) A prórroga será sempre obrigatoria para o empresario, sen obrigação de aviso previo.**

**62) De acordo co artigo 24 bis da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, durante os meses de xullo, agosto e setembro, só será permitido o amontoado en cargadoiro de subprodutos resultantes de curta ou extracción forestal tales como a biomasa forestal residual, estelas e cortiza:**

- a) Sempre que fose salvagardada unha área sen vexetación cun mínimo de 10 metros ao redor.**
- b) Sempre que se trata de madeira en rolo.
- c) Sempre que fose salvagardada unha área sen vexetación cun mínimo de 20 metros ao redor: 20 metros.
- d) Todas as afirmacións anteriores son falsas.



**63) Segundo o artigo 3 da Lei 5/2019, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, como se define "especie autóctona extinguida":**

- a) especie exótica establecida no ecosistema con carácter permanente.
- b) especie que se introduce ou establece nun ecosistema ou nun hábitat natural ou seminatural.
- c) especie autóctona desaparecida no pasado da súa área de distribución natural.**
- d) especie existente dentro da súa área de distribución natural.

**64) No Libro de Ordes e Asistencias, a dirección de obra poderá:**

- a) Notificar á administración pública en casos de accidentes graves ou mortais, incidencias graves, incidencias reiterativas ou incumprimento de advertencias que se produzan no desenvolvemento da execución de obras.
- b) Apuntar as incidencias, ordes e asistencias que se produzan no desenvolvemento da execución de obras.**
- c) Anotar as reunións de coordinación de actividades empresariais (C.A.E.) que se produzan no desenvolvemento da execución de obras.
- d) Escribir exclusivamente informes de vixilancia da saúde.

**65) Respecto á formación mínima que debe dispoñer o Recurso Preventivo:**

- a) Deben contar coa formación preventiva correspondente, como mínimo, ás funcións do nivel básico, complementada con formación teórico e práctica específica sobre os traballos, técnicas a desenvolver, normas, riscos e medidas preventivas a aplicar, nas actividades a vixiar, que determinaron a súa presenza.**



*Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).*

Categoría: Técnico/a medio ou superior  
Posto: Técnico/a medio servizos centrais

Fase de oposición

- b) Deben contar coa formación preventiva correspondente, como mínimo, ás funcións do nivel básico de 50 horas.
- c) Deben contar coa formación preventiva correspondente, como mínimo, de seguridade no traballo de 150 horas.
- d) Deben contar co bo aproveitamento de dúas xornadas prácticas cun coordinador de seguridade e saúde.